


CONCELLOS



Castro de Baroña (Porto do Son)



Muros



Muíño Pozo de Cachón (Muros)



Panorámica do concello de Noia



Portosin (Porto do Son)

Lousame

Malia ser un concello sen saída ao mar, a auga é o factor polo que destaca a parroquia de San Xusto, onde se pode gozar dunhas pequenas cataratas formadas polo río do mesmo nome. Ademais, o municipio ofrece unha das mellores vistas panorámicas da comarca. Desde a cima do monte A Muralla, pódese contemplar Santiago de Compostela, Padrón e ata a Ría de Arousa.




Casco antigo de Noia




Mosteiro de San Xusto de Toxosoutsos (Lousame)

Muros

O concello de Muros está situado no extremo norte da ría, nun enclave privilexiado e cunha grande riqueza histórica. O porto, o máis importante do seu distrito pesqueiro, é a base sobre a que se cimentou o crecemento da vila. Na súa lonxa comercialízanse como especies máis comúns polbo, lirio e lagostino. O seu casco antigo, declarado Ben de Interese Cultural, merece unha visita.



Imaxe panorámica da praia de Area Maior, en Muros, coa lagoa e o monte Louro ao fondo



Colexiata de San Pedro (Muros)

Noia

Noia sorprende polas súas casas brasonadas, os seus magníficos edificios civís e as súas igrexas e capelas. O seu centro urbano, situado ao sur da desembocadura do río Tambre, acolle en si a doutro río, o Traba. As principais actividades céntranse na pesca, a agricultura e o comercio. Destaca a importancia do berberecho, que recolle nos areais da zona, dándolle a denominación popular de "costa do berberecho". De feito, esta vila é o maior produtor deste molusco de toda Galicia.



Igrexa de San Martiño (Noia)




Muros

Outes

Poucos municipios gozan do privilexio de atoparse nun marco xeográfico que ofrezca tan rica variedade de formas e contornos, matices paisaxísticos e contrastes. As súas fronteiras están determinadas pola desembocadura do río Tambre ao sur, e os concellos de Muros, Mazaricos, Negreira e Noia. A pegada da historia está nos megálitos, os petróglifos e os castros que abundan no concello.

Porto do Son

Porto do Son é xa un destino de verán habitual para moitas persoas debido á súa gran cantidade de praias e á beleza das súas paisaxes, que se poden contemplar dende varios miradoiros privilexiados como o da Atalaia ou o monte Enxa. A súa oferta cultural, sobre todo nos meses de verán, actúan como un reclamo turístico a maiores do club náutico de Portosin, un dos máis importantes da cornixa cantábrica.



Lanchas de marisqueo



Casco antigo de Noia

## QUE VISITAR:

### NATUREZA

**Praias.** A ría ofrece innumerables praias, a maioría de area branquísima e de augas mansas, ideal para a práctica de deportes náuticos como a vela. Esta ría é a menos urbanizada das Rías Baixas, a zona norte da ría é rochosa mentres que a máis meridional ten unha silueta máis suave. Algunhas das praias máis importantes son Louro, protexida polo propio monte Louro e cunha beleza espectacular, con lago incluído, e Ancoradoiro, en Muros; Broña en Outes e As Furnas e Aguireira, en Porto do Son.

**Monte Louro e lagoa das Xarfas.** Outro punto que o viaxeiro non debe perder é a vista dende monte Louro e a lagoa das Xarfas, un espazo de grande interese natural.

### ANTIGÜIDADE

**Castro de Baroña.** Na zona hai importantes restos arqueolóxicos e castros, como o de Baroña, ao borde do mar e cunha marabillosa praia. Son os restos dun castro celta, ocupado entre os séculos I antes e despois de Cristo, unha poboación a pé do mar con construcións de planta circular, aínda que quizá a parte máis espectacular sexa o lugar e a contorna na que está situado. Na totalidade do conxunto consérvanse aproximadamente unhas 20 vivendas de planta circular ou oval.

### MUSEOS

**Museo do Mar de Noia.** Situado na rúa Malecón Cadarso, aporta unha mostra do patrimonio mariñeiro da localidade.

**Museo das Laudas Gremiais.** A igrexa de Santa María A Nova contén a meirande colección de laudas gremiais (lousas rectangulares de pedra que cobren as tumbas) do mundo. A súa singularidade reside na identificación do gremio de artesáns ao que pertencía o defunto.

**Centro de Interpretación das minas de San Finx.** As minas de San Finx son outro punto que hai que destacar. Na actualidade estase rehabilitando o poboado da mina e xa está acondicionada como museo e centro de interpretación a antiga escola. Este xacemento, atopado por Thomas Winter Burbury na década de 1880, chega a ser o motor económico de Lousame e de toda a contorna nas décadas centrais

do século XX. Aínda se poden apreciar algunhas máquinas, como unha desmagnetizadora, que se encargaba de separar o mineral da pedra. Hai visitas programadas chamando ao concello de Lousame.

**Museo da Memoria Mariñeira de Porto do Son.** O Museo Marea está dedicado a investigar e transmitir a memoria das xentes do mar. A colección inclúe vellos aparellos, fotografías antigas en branco e negro e documentais que falan das vivencias das mulleres e homes deste litoral.

### ARQUITECTURA CIVIL

É moi recomendable a visita á parte histórica de Muros e Noia. A zona vella de Muros é unha inesperada mestura de arquitectura popular e señorial, onde conviven antigas casas de pescadores con pequenos pazos góticos. En 1970 foi declarado conxunto histórico, e é dun dos mellor conservados de toda Galicia. Conserva o encanto típico da vila mariñeira con importantes edificios góticos e templos como a colexiata e o santuario da Virxe do Camiño. O visitante atopará tamén vellas fontes, restos da muralla, prazas singulares como a de Santa Rosa, a do Cristo ou a da Peixería Vella. A zona antiga de Noia sorprende polas súas casas brasonadas, os seus magníficos edificios civís e as numerosas igrexas e capelas... como "unha pequena Compostela". Foi declarado Conxunto Histórico-Artístico en 1985; conta cun bo número de edificios góticos e pazos. Destaca o barrio preindustrial da auga, con dúas pontes, unha delas medieval recentemente descuberta, e o vestixios do pazo coa fábrica de curtidos dos Cadarso de 1700, que recibiu o premio COAG, do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, á mellor rehabilitación en espazo público en 2011.

A CORUÑA


LUGO

PONTEVEDRA

OURENSE



RÍAS BAIXAS:  
RÍA DE MUROS E NOIA  
xeodestino



## RÍAS BAIXAS: RÍA DE MUROS E NOIA destinos MÁXICOS de terra e mar



Deputación  
DA CORUÑA

turismo.dacoruna.gal  
@DACTurismo  
Turismo da Deputación da Coruña  
Dacturismo  
turismo@dacoruna.gal

RÍAS BAIXAS:  
RÍA DE MUROS E NOIA  
xeodestino



A Ría de Muros e Noia forma parte das Rías Baixas e está situada entre a Ría de Corcubión ao norte e Ría de Arousa ao sur. Pertence a provincia da Coruña, e a península do Barbanza delimita as súas costas polo sur. O río Tambre desemboca nesta ría, e as súas augas orixinan na súa confluencia co mar un hábitat no que se desenvollen, as ameixas e os berberechos, que son o motor económico dos pobos que a circundan.



Muros

## QUE FACER:

Hai varias rutas recomendadas para coñecer a zona. As máis importantes son as de Albán e monte Tremouzo (Outes), a de Cova de Gatos (Muros), a do castro de Baroña (Porto do Son), a ruta polo río Tambre (Noia) e a do río Vilacoba e San Xusto (Lousame). Tamén hai opcións de facer paseos a caballo ou en bicicleta. E para coñecer algo de historia, os viaxeiros teñen a opción de facer visitas guiadas polas zonas históricas de Muros e Noia, e ao "Joaquín Vieta", o barco máis antigo dedicado ao transporte marítimo que se conserva en Galicia.

## FEIRAS E FESTIVAIS

Como citas culturais relevantes, ademais das festas patronais e o Entroido, en Muros destaca o festival Castelo Rock, que se celebra dende 2002, a primeiros de agosto, sen ánimo de lucro e con grupos de rock de primeira categoría, sen esquecer as bandas emerxentes. Tamén hai que mencionar o Gran Premio de Carrilanas de Esteiro, no mesmo municipio. En Noia destaca a súa feira medieval, a concentración moteira ou a mostra de curtametraxes Vila de Noia. A Festa Hortera de Porto do Son, que se celebra dende o ano 2000, tamén ten máis importancia cada ano.

## GASTRONOMÍA

Na ría de Muros e Noia cómpre probar o marisco, toda unha experiencia gastronómica e unha forma de vida. A empanada tamén é outro dos pratos típicos, especialmente a feita con millo. Como feiras gastronómicas máis importantes están a festa da empanada, en Muros, que se celebra o primeiro fin de semana de xullo; a festa de exaltación do polbo, que ten lugar en Porto do Son no 14 de agosto, e as xornadas de exaltación do peixe e o marisco, celebradas en Muros durante a segunda quincena de setembro.



Santa María A Nova (Noia)



Muros